

981 563 885

# A LIÑA DO GALEGO

[linhadogalego@amesa.gal](mailto:linhadogalego@amesa.gal)

A liña   
do galego  
app

Informe 2020

# Índice

|          |  |           |
|----------|--|-----------|
| <b>1</b> | <b>Introdución</b> .....   | <b>1</b>  |
| <b>2</b> | <b>Tipos de mensaxes recibidas e pautas de traballo</b> .....  | <b>2</b>  |
| 2.1      | Queixas .....  | 2         |
| 2.2      | Consultas .....  | 2         |
| 2.3      | Parabéns .....   | 2         |
| <b>3</b> | <b>Resumo anual dos rexistros da Liña do Galego</b> .....  | <b>3</b>  |
| 3.1      | Total de mensaxes recibidas .....  | 3         |
| 3.2      | Total de queixas por motivo .....  | 3         |
| 3.3      | Total de queixas segundo as entidades implicadas .....   | 4         |
| 3.4      | Desagregación das queixas na administración .....  | 5         |
| 3.5      | Desagregación de queixas ás empresas .....   | 6         |
| <b>4</b> | <b>O uso do galego na COVID</b> .....  | <b>7</b>  |
| 4.1      | Teléfono público de asistencia COVID .....   | 7         |
| 4.2      | Información e formación sobre a pandemia .....   | 7         |
| 4.3      | Contidos didácticos por televisión .....   | 7         |
| <b>5</b> | <b>Algúns éxitos acadados como resultado da xestión das queixas</b> .....  | <b>9</b>  |
| <b>6</b> | <b>Conclusións</b> .....   | <b>11</b> |
| a)       | Conculcación do dereito a empregar o galego. As dificultades da atención:<br>«castellano, por favor, ya que ese dialecto no lo entendemos» ..... | 11        |
| b)       | A administración pública segue a encabezar os ataques<br>e as vulneracións lingüísticas .....  | 11        |
| c)       | Incumprimento de acordos nacionais, estatais e internacionais:<br>500 normas amparan o castelán .....  | 12        |
| d)       | Romper a normalidade e impunidade da exclusión do galego:<br>denunciar, reclamar, actuar .....   | 12        |

Este informe contou coa colaboración da Deputación da Coruña

©2021 A Mesa pola Normalización Lingüística

Rúa García Prieto 7, semisoto B  
15706 Santiago de Compostela  
[www.amesa.gal](http://www.amesa.gal)

## 1. Introducción

A Liña do Galego é un servizo gratuíto ofrecido pola Mesa pola Normalización Lingüística dirixido a toda a poboación que atende consultas sobre dereitos lingüísticos e tramita queixas cara ás institucións, empresas etc, que os vulneran; así como parabéns para quen dea pasos cara a garantir o dereito a vivir en galego.

Moitas e moitos galegofalantes continúan a considerar normal a exclusión do seu idioma e iso é algo que queremos axudar a mudar, porque cando a poboación non é consciente dos seus dereitos, existe un déficit democrático que cómpre corrixir.

A idea de que hai dereitos lingüísticos en Galiza, tanto individuais como colectivos, non está asentada, canto máis nos territorios onde nin sequera teñen recoñecemento legal estes dereitos. Coa Liña do Galego quérese afortalar o obxectivo de dar cobertura e amparo ás persoas ás que se lles impide desenvolver a súa vida na lingua propia do país.

Cando unha persoa chama, escribe ou envía unha queixa a través da App, ábrese un expediente na base de datos ao que se lle asigna unha numeración para lle poder facer o seguimento. A Liña do Galego garante a completa confidencialidade das persoas que a utilicen, mais en ningún caso tramita queixas anónimas.

Alén de tramitarmos cada queixa ante as institucións, entidades ou empresas pertinentes, son a base de gran parte das denuncias públicas que facemos desde a Mesa. Así mesmo, as denuncias recibidas serviron para a elaboración de informes e relatorios presentados a diversos organismos, entre os que destacaron o Consello de Dereitos Humanos da Organización das Nacións Unidas ou os respectivos comités de expertos do Consello de Europa para a Carta europea das linguas rexionais ou minorizadas ou o Convenio Marco das Minorías Nacionais.

As queixas presentadas neste informe son unha mínima parte das discriminacións e vulneracións de dereitos que acontecen todos os días e que en moitos dos ámbitos sinalados son sistemáticas.

Esta normalidade da exclusión do galego é mostra da consideración de inferioridade do galego e das persoas que o utilizan. Convértese a nosa lingua nun accesorio prescindíbel e obrígase-nos literalmente a prescindir dela para acceder a servizos básicos.

Este informe pretende contribuír á eliminación deste prexuízo tan estendido e amparado pola propia administración (Xunta de Galiza, administración xeral do Estado, ou administración local). É alarmante que quen ten obriga de garantir o respecto dos dereitos lingüísticos da cidadanía encabece a lista de queixas, sendo non só cómplice destas actitudes senón promotora directa.

O galego é a lingua das galegas e galegos, temos dereitos e queremos vivir nela.

A continuación presentamos a memoria do 2020.

## 2. Tipos de mensaxes recibidas e pautas de traballo

### 2.1. Queixas

- Unha persoa traballadora dunha administración pública negouse a me atender en galego.
- Os sinais da estrada exclúen a lingua propia de Galiza.
- Estiven máis de dúas horas ao teléfono para conseguir que a miña compañía telefónica me atendese na miña lingua.
- A miña crianza non recibe as aulas en galego.
- Unha entidade emprega toponimia deturpada na súa documentación.

Na Liña do Galego tramítanse as queixas da cidadanía ante as entidades afectadas, con total garantía de privacidade para os datos da persoa que denuncia.

Non se admiten denuncias anónimas, polo que pedimos que se faciliten os datos: nome e apelidos, teléfono móbil e/ou correo electrónico e enderezo postal (rúa, número, andar, código postal e localidade); a entidade que conculcou o dereitos lingüísticos e a localidade (ou enderezo web) onde ocorreron os feitos, e unha explicación o máis detallada posíbel dos feitos acontecidos.

### 2.2. Consultas

- Teño dereito a que unha persoa funcionaria da administración do Estado me atenda en galego?
- Como podo galeguizar o meu apelido?
- Podo falar galego no meu traballo?
- A que administración me teño que dirixir para pór unha queixa pola vulneración dos meus dereitos lingüísticos?
- Existen modelos de contratos de alugueiro en galego?

Estas son algunhas das dúbidas sobre os dereitos lingüísticos que resolvemos desde A Mesa. É un servizo gratuíto aberto a toda a cidadanía, só cómpre enviar a consulta por correo electrónico, chamando por teléfono á Liña do Galego ou, grazas á novidade deste ano, enviando a queixa a través da App para IOS e Android que é de descarga gratuíta.

### 2.3. Parabéns

- Coñeces algún establecemento onde a atención se dea en galego?
- Algunha entidade que aposta por esta lingua na súa publicidade ou na etiquetaxe dos seus produtos?
- Unha empresa que teña a súa páxina web en galego?

Ademais de animarmos a que cada usuario ou usuaria lle envíe persoalmente os seus parabéns ás empresas, entidades e institucións que avanza no impulso á normalización da nosa lingua, a cidadanía pode facer uso da Liña do Galego para que desde a nosa asociación lles fagamos chegar as felicitacións da Mesa en representación das nosas socias e socios.

Para isto, só hai que contactar coa Liña indicando nome e apelidos, correo electrónico, teléfono, e enderezo postal así como o nome da entidade e o seu enderezo postal (rúa, número, andar, código postal e localidade) e cando é que esta emprega o galego (atención, publicidade, etiquetaxe, web, etc).

### 3. Resumo anual dos rexistros da Liña do Galego

#### 3.1. Total de mensaxes recibidas


Durante o ano 2020 a Mesa pola Normalización Lingüística abriu un total de 350 expedientes dos cales 219 son *queixas*, 20 *consultas* e 111 *parabéns* a través das chamadas, correos, e mensaxes a través da App recibidos na Liña do Galego.

Os datos que presenta o informe calcúlanse co total de queixas e consultas sobre dereitos lingüísticos recibidas, tendo en conta que algunhas destas consultas non chegan a dar lugar a un expediente de queixa e outras se convirten directamente en queixa. Por tanto, a cifra de referencia no informe que presentamos será a do total de 350 comunicacións recibidas, a partir da cal se calcularon as porcentaxes do total.

#### 3.2. Total de queixas por motivo

Cabe destacar que a gran maioría das queixas están motivadas pola ausencia de uso, discriminación e deturpación do galego en todos os ámbitos da vida pública e privada, incrementándose as queixas no referente a calquera tipo de discriminación ou exclusión da lingua galega.

Gráfica 1. Queixas segundo o motivo



A maioría das queixas enviadas polas usuarias e usuarios da Liña do Galego durante o ano 2020 refírense á ausencia de atención oral ou escrita en galego (24,07% fronte ao 5,66% rexistrado no 2019). Esta salientábel subida ven provocado polo confinamento e as restricións de mobilidade,

xa que a sociedade galega se viu obrigada a xestionar os seus servizos de consumo de maneira telefónica e a atención en galego non era posíbel.

As discriminación e exclusión lingüística segue a ser unha das categorías máis numerosas, neste caso un 19,91% das queixas foron para denunciar o incumprimento da lexislación vixente en materia de normalización lingüística que veñen seguidas das queixas referidas á non rotulación e sinalización, as cales rexistraron un 19,44 do total.


A exclusión do galego nas webs e servizos online acadou un 18,98% e a deturpación toponímica un 17,59% da totalidade das queixas.

### 3.3. Total de queixas segundo as entidades implicadas

Na análise das queixas segundo as entidades implicadas o máis significativo é que máis da metade das queixas recibidas 62,04% refírense á administración pública, tanto estatal como autonómica e local. Aínda que son datos similares aos recollidos nos informes do 2019 e 2018, é unha das porcentaxes que se ve incrementada ano tras ano, o que nos mostra que en xeral é no ámbito da administración onde a cidadanía é máis consciente da existencia dunha normativa que ampara os seus dereitos lingüísticos, polo que tolera menos a súa vulneración.

Seguidamente atópanse empresas de servizos cun 31,48% do total. As institucións privadas como organizacións e empresas concesionarias rexistraron un 4,17%, e as entidades bancarias un 2,31% do total.

Gráfica 2. Queixas segundo as entidades implicadas




### 3.4. Desagregación das queixas na administración

Nesta gráfica podemos observar como é na administración autonómica na que recaen a meirande parte das queixas recibidas na Liña do Galego ao durante o ano 2020 cun 37,04% das queixas referidas á administración. Este dato é unha evidencia máis dos pasos atrás que o goberno da Xunta está a dar nos últimos anos en relación ao impulso do uso do galego na administración e no respecto aos dereitos lingüísticos da cidadanía. Quen máis debería facer cumprir a lexislación que protexe e respecta o galego, é precisamente quen máis a incumpre e vulnera.

A administración local acadou neste 2020 un 33,33% do total entre as queixas interpostas a Concellos de Galiza e Deputacións Provinciais, salientábel subida respecto do 14% que rexistraron no ano 2019.


A administración xeral do Estado obtivo un 29,63% do total, similar ao 24% do 2019 e ao 20% do 2018. Mais compre destacar como os usuarios da Liña do Galego son cada vez máis conscientes que os seus dereitos lingüísticos van máis alá das fronteiras galegas e que o goberno do Estado tamén debe cumprir coas súas obrigas lingüísticas.

Gráfica 3. Desagregación das queixas segundo o tipo de administración



A través da seguinte gráfica podemos observar como destacan as queixas dirixidas aos concellos 30,4% e as dirixidas ao Servizo Galego de Saúde cun 25,2%. Destaca, que ano tras ano, sexa o Sistema Galego de Saúde o organismo que máis obstaculiza que as galegas e galegos poidan ser atendidos na súa lingua cando se atopan nunha situación de maior vulnerabilidade.

Gráfica 4. Desagregación das queixas na administración pública



Motivada por toda as queixas que o SERGAS recibía na Liña do Galego naceu a campaña «Falar galego é saudabel» en colaboración co estudantado de medicina da Universidade de Santiago de Compostela, que ten como obxectivo que a lingua galega se desenvolva con normalidade como lingua de relación entre persoal e doentes. A campaña foi apadriñada polo presidente do Parlamento, Miguel Santalices, como representante da primeira institución de Galiza, médico de profesión e persoa comprometida coa saúde en galego.


No tocante ás queixas que reciben os concellos de Galiza destacan no número de queixas recibidas os Concellos de Santiago de Compostela, o Concello da Estrada e o Concello de Vigo.

Cabe destacar entre a subida das queixas referidas á administración do Estado que se comentaba no parágrafo anterior está o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana que rexistrou un 11,1% dos rexistros dirixidos á administración pública e o Ministerio de Sanidade un 3,7%.

### 3.5. Desagregación de queixas ás empresas

No tocante ás queixas dirixidas ás empresas englobamos a maior porcentaxe de queixas na opción «outros», onde se aglutinan vulneracións de dereitos lingüísticos en, super-mercados, canles de televisión ou grandes superficies, pasando tamén por comercios de moda, etc. Porén, individualizamos polo alto número de queixas recibidas os casos de IKEA (6%) derivadas da inexistente atención telefónica ao cliente en galego, polo mesmo motivo Endesa, Vodafone e Mediamarkt acadaron un 3% do total. ABANCA rexistrou un 4% xa que aínda non conta con todos os seus servizos en galego e o grupo de comunicación Mediaset destaca cun 3% do total das queixas recibidas á empresa privada.

Gráfica 5. Desagregación das queixas á empresa privada





## 4. O uso do galego na COVID

Desde o comezo da pandemia a Mesa pola Normalización Lingüística a través do servizo A Liña do Galego tramitou diferentes queixas relacionadas especificamente co tratamento á nosa lingua durante a pandemia.

### 4.1. Teléfono público de asistencia COVID

En relación ao teléfono posto a disposición pola Xunta de Galiza ao que deben contactar aquelas persoas con sospeitas de teren contraído a COVID19, temos constancia directa tanto a través de queixas de persoas usuarias como traballadoras do servizo de que non está a atender en galego ou a dar algún tipo de opción lingüística, nen sequera á aquelas persoas que expresamente así o solicitan.

Como sinalamos, esta situación foi tamén denunciada por traballadores dos centros de chamadas que non dispuñan de cuestionarios en galego tendo a obriga de se cinguiren exclusivamente ao seu texto. Como resultado, segundo nos sinalaron, establecen os contactos cos usuarios só en español, independentemente de que a lingua empregada polo usuario sexa a galega.

Ademais as mensaxes de información do resultado dos test de detección do coronavirus chegaron só en castelán e impediuse a posibilidade de estaren en galego. Esta situación só se solucionou en parte após as queixas tramitadas pola Mesa.

Consideramos moi graves estes feitos por canto afectan a persoas en situación de vulnerabilidade, con grande preocupación pola súa saúde, e que mesmo poden estar reservando información ao verse limitadas ao uso da súa lingua e que, nese contexto, se poden sentir obrigadas a mudaren para o español.

### 4.2. Información e formación sobre a pandemia

A información fornecida polas autoridades públicas galegas foi moi maioritariamente en español, e só nesta lingua nos primeiros meses da pandemia. A denuncia pública conseguiu que se fose modificando para a incorporación do galego como aconteceu coa App Radar Covid do Ministerio de Sanidade do goberno español ou coa información oficial a través da páxina web e app do Servizo Galego de Saúde (SERGAS).

Sobre a Xunta e o SERGAS, é de destacar que as intervencións públicas por parte do Presidente da Xunta ou Xerencia de Saúde para informar da situación foron case sempre en castelán malia estar destinadas á poboación galega.

A exclusión sistemática do galego afectou tamén á formación dos profesionais da saúde e dos servizos sociais sobre Covid-19 en centros de atención diurna de persoas maiores ou con discapacidade funcional.

### 4.3. Contidos didácticos por televisión

Aínda que as compañías de televisión públicas (TVE e TVG) emitiron aulas ou contidos didácticos como complemento ao traballo desenvolvido polo profesorado, a canle estatal non emitiu nada en galego a pesar de existir a posibilidade técnica de emitir especificamente para o territorio galego ou do emprego da dobraxe e da lexendaxe ficando esta posibilidade restrinxida á TVG. TVE non tivo en conta a lingua da docencia e nen sequera a simples existencia da lingua galega.

Pola súa banda a TVG cinguise a adaptar programas con contidos educativos mais sen relación directa co curriculum desta etapa. Na práctica isto significou que acceso a contidos curriculares a través das televisións públicas excluiron a posibilidade de galego ao teren como emisora só TVE que non usa o galego.

Para o resto de contidos audiovisuais, a pandemia puxo máis de manifesto a inexistencia do galego neste espazo, negándoselle a miles de crianzas a posibilidade de acceso en galego.

TVE só emite 38 minutos diarios, fronte ás 129 horas diarias en castelán. As principais plataformas só contan en global con 25 títulos en VO galego e cero dobrados ou lexendados fronte a máis de 25.000 con estas opcións en castelán. A TVG é a única televisión que non oferta nengunha posibilidade de canle infantil e xuvenil.

A exclusión do galego dos contidos especificamente didácticos mais tamén dos relacionados co lecer, foi un dos elementos que motivou o nacemento da Iniciativa Xabarín.

## 5. Algúns éxitos acadados como resultado da xestión das queixas

### App Radar COVID

O Ministerio de Sanidade desenvolveu unha aplicación para a xestión dos contaxios e contactos da COVID-19. A aplicación na súa estrea só estaba dispoñíbel en castelán, desprezando ao resto de linguas do Estado. Despois de varias queixas enviadas desde A Liña do Galego e de moito insistir, xa funciona en galego.

### Concello de Vigo

Rexistráronse varias queixas respecto dos erros nos parquímetros que a empresa concesionaria da zona ORA do Concello de Vigo. Tras recibir as queixas, o Concello de Vigo comunicounos que os parquímetros xa están correctamente en galego.

### VIALIA Centro Comercial da Estación de Vigo

A empresa xestora do futuro centro comercial Vialia de Vigo tiña a súa páxina web só dispoñíbel en castelán e inglés. Tras as denuncias recibidas da Liña do Galego, habilitaron a web tamén en galego.

### MediaMarkt

MediaMarkt é unha das grandes superficies que máis queixas aglutina ano tras ano na Liña do Galego pola exclusión e incluso negación da atención en galego. Neste 2020 Media Markt comprometeuse coa Liña do Galego en que terá habilitada a atención ao cliente en galego. Estaremos pendentes para comprobar que isto se converte en realidade.

### Universidade da Coruña

Unha profesora da UDC negouse a corrixir os traballos do alumnado que os realizara en galego e os estudantes puxéronse en contacto coa Liña do Galego para denunciar esta situación. Compre agradecer a rápida actuación da UDC instando á profesora a cumprir coas obrigas legais ás que está sometida ao ser docente nunha universidade pública galega.

### Concello de Bueu

Rexistrouse unha queixa referente á exclusión do galego nos carteis das portas da Praza de Abastos. Tras recibir o expediente da Liña do Galego o Concello de Bueu colocou novos carteis en galego.

#### Concello da Guarda

O panel informativo da Senda do Litoral situado no Concello da Guarda só estaba rotulado en inglés e castelán. Cando recibiu a queixa da Liña do Galego o Concello da Guarda comprometeuse a corrixilo e que estea tamén en galego.

### Ministerio do Interior

A Dirección xeral de Tráfico, pertencente ao ministerio do Interior, non tiña dispoñíbeis en galego todos os modelos de documentación da súa sede electrónica. A través dunha comunicación oficial o Ministerio do Interior comprometeuse revertir esta situación e que todos os modelos estean tamén en galego.

### **Concello da Coruña**

Despois de anos de loita e queixas enviadas ao Concello da Coruña pola vulneración sistemática da Lei de Normalización Lingüística en xaneiro do 2021 aprobou no pleno municipal unha ordenanza sobre o uso do galego. Agardamos que a partir de agora cumbran coa súa propia normativa.

### **Consello de Europa**

O último informe de avaliación a medio termo do 5º ciclo de avaliación da Carta Europea das Linguas Rexionais e Minorizadas elaborado polo Comité de expertos deste tratado internacional, onde se constatan de novo os incumprimentos respecto ao galego.

Este informe, motivado polas queixas da Liña do galego a través dun informe elaborado pola Mesa pola Normalización Lingüística, sinala a respecto da Xustiza, o Consello de Europa continúa a insistir na necesidade de asegurar o uso do galego nos procedementos xudiciais a petición dunha das partes, a través da reforma da Lei orgánica do poder xudicial.

No tocante á administración o Consello de Europa insta á Xunta de Galiza e ao goberno do Estado español que deben garantir a atención en galego.

## 6. Conclusións

### a) Conculcación do dereito a empregar o galego: As dificultades da atención: « castellano, por favor, ya que ese dialecto no lo entendemos»

Ano a ano desde que se publica este informe, poderíamos recoller centos de malas respostas de desaprobación e recriminación a persoas usuarias de servizos polo uso do galego no seu propio país: «Esto es España y se habla castellano», «o me habla castellano o no le atiendo», «Usted tiene el deber de hablar castellano». Repostas que reflicten o nivel de desprezo por falantes de galego que se corresponde coa consideración de superioridade do castelán que sostén coaccións directas e indirectas para forzar á renuncia ao uso do propio idioma. A negativa sistemática a ofrecer atención en galego vulnera gravemente o dereito ao uso da lingua propia. Obrígase ao usuario ou usuaria a renunciar a utilizala cando nos diriximos á administración ou a empresas que prestan un servizo. En ocasións estas coaccións non se expresan directamente mais si engadindo problemas que se solucionarían inmediateamente mudando de lingua: «para ser atendido en gallego, llame más tarde»; «le paso con alguien que pueda atender su solicitud», ao tempo que colgan o teléfono, en moitas ocasións tras obrigar á persoa usuaria a prologandas esperas; ou ofertando como alternativa á inexistencia de formulario ou impresos tipo en galego a posibilidade de redixilo de novo, obrigando a un esforzo que non se precisa en castelán. Ante o absentismo da Xunta de Galiza da súa obriga de velar polo dereito ao uso do galego, a resposta social é a única ferramenta da que se dispón.

### b) A administración pública segue a encabezar os ataques e as vulneracións lingüísticas

Resalta neste caso a administración autonómica con funcións e competencias para garantir estes dereitos e que non só abdica da súa responsabilidade senón que é a primeira en incumprir as súas propias normas en relación ao galego. Cun compromiso claro da Xunta de Galiza, non só en relación á súa propia acción senón a empresas, entidades, ou administración coas que traballa, a situación sería diferente como mostran a cantidade de servizos que teñen e ofertan atención e información en castelán, catalán e euskera, desprezando a existencia da lingua galega.

A Xunta de Galiza rexistra o maior número de queixas por ser a administración pública da que existe maior conciencia social das súas obrigas no seu uso. Comunicacións, informacións, sinalética, atención ao público son as máis abondosas. Existen casos onde as queixas están relacionadas con servizos públicos que ofertan empresas privadas en nome da administración e que exclúen o uso do galego, como servizos bancarios, de comedor, obras,...

Destaca a vulneración dos dereitos lingüísticos por parte do SERGAS, especialmente incrementada pola situación de emerxencia sanitaria vivida durante o ano 2020. Citacións para probas PCR só en castelán, exclusión do galego na liña de atención telefónica habilitada para a COVID-19, comunicacións en castelán a pesar de ter habilitadas as comunicacións en galego ou emilinar o galego dos protocolos e formación para os profesionais sanitarios, son algunhas das queixas máis recorridas que recibiu o Sistema Galego de Saúde. Seguindo protocolos internacionais de garantía do dereito á saúde se ofrece na lingua da persoa usuaria (mesmo nalgunhas con escasa ou nula presenza no noso territorio) para garantir a comprensión, segue sen estar dispoñíbel en galego causando ademais importantes trastornos a quen o solicitar. Tamén, son especialmente graves as vulneracións da administración do Estado que chega a non recoñecer a existencia de máis linguas que o español, chegando incluso a imposibilitar que teses doutorais escritas en galego poidan optar a premios de excelencia con remuneración económica.

### c) Incumprimento de acordos nacionais, estatais e internacionais: 500 normas amparan o castelán

As poucas a favor do galego non se aplican. O galego conta con certo amparo legal tanto na lexislación e nos acordos internacionais (a Carta europea das linguas rexionais ou minorizadas ou a Declaración universal de dereitos lingüísticos), como nos nacionais: o propio Estatuto de autonomía, a Lei de normalización lingüística ou o Plan xeral de normalización da lingua galega, ratificados por todos os partidos con representación parlamentaria en Galiza, así como o compromiso feito público por todos os partidos con importante representación municipal no país na Declaración de unidade a prol da lingua galega, promovida pola Mesa e asinada o 15 de xullo de 2015, ou máis recentemente co manifesto pola pluralidade lingüística impulsado pola Mesa xunta outras entidades de defensa das linguas do Estado español. Porén, día a día constatamos o incumprimento do contido da lexislación e dos acordos democráticos que protexen a nosa lingua. As escasas disposicións que amparan o galego non se cumpren e vulnéranse con total impunidade, o que contrasta co cumprimento rigoroso das 500 disposicións que obrigan ao uso do español, nalgún caso mesmo contra outras linguas oficiais. Evidentemente a igualdade das linguas tan proclamada non é real se a posibilidade de uso destas linguas non ten iguais dereitos e iguais deberes. A vulneración de dereitos lingüísticos é a vulneración dun dereito fundamental e aínda en maior grao se lle engadimos a coacción, e polo tanto degrada o desenvolvemento dunha sociedade democrática con consecuencias tamén na vida económica.

### d) Romper a normalidade e impunidade da exclusión do galego: denunciar, reclamar, actuar

É necesario dar a coñecer as discriminacións lingüísticas que sufrimos as persoas que lexitimamente queremos vivir en Galiza e en galego e é necesario facelo dentro e fóra das nosas fronteiras. Tal e como sinalabamos ao comezo, os casos de vulneracións de dereitos lingüísticos recollidos en anos anteriores foron engadidos ao informe presentado pola Mesa xunto con outras organizacións do Estado que forman parte da Rede Europea para a Igualdade das Linguas ante o Consello de Dereitos Humanos da ONU para a súa toma en consideración na revisión periódica universal no Estado español en xaneiro do 2020. Utilizáronse tamén como exemplos da vulneración do compromisos adquiridos polo Estado español e a Xunta nos informes da Mesa sobre o cumprimento da Carta europea das linguas rexionais e minorizadas presentadas en Dublín en novembro de 2018 ao director do Secretariado da Carta en decembro de 2018 en Oviedo ao Comité de expertos do Consello de Europa. O informe final do Comité de expertos da Carta e as resolucións do Comité de Ministros do Consello de Europa son ben coñecidos e unha mostra da importancia do traballo desenvolvido pola Mesa pola Normalización Lingüística a través da Liña do Galego. Padecemos unha situación que no ámbito do ensino non garante a capacidade comunicativa en galego ao alumnado e fóra del foméntase o uso do galego só no ámbito privado, sen que sexa posíbel unha utilización normal, como a de calquera outra lingua no seu territorio, máis alá dese ámbito e concretamente nas relacións coa administracións e empresas privadas, en moitos casos imprescindíbeis para satisfacer necesidades elementais.

Cómpre visibilizar a realidade, denunciar quen nos nega a posibilidade de utilizar a nosa lingua no noso propio país, como primeiro paso para reclamar que o dereito a utilizarmos o galego sexa plenamente respectado dándonos sempre esa opción. Só procuramos que o galego estexa tan dipoñíbel, sexa tan audíbel en tan visíbel en Galiza como é o castelán en Madrid. Nen máis nen menos. Ante a ausencia de accións específicas da administración pública para que o galego estea presente cómpre unha maior activación da sociedade civil na reposición e normalización

da lingua galega. En primeiro lugar, esixindo dos diferentes gobernos que cumbran cos seus compromisos cara ao galego, actuando directamente para combater casos como os sinalados. En segundo lugar, dirixímonos directamente por diferentes vías (redes sociais, correo electrónico, postal, teléfono) ás empresas para que muden a actitude e facer ver que somos moitas as persoas que reclamamos visibilidade e espazos de uso para o galego.

